

ARTHUR RAMBO

Laurent Cantet, 2021


921

ESTREA EN NUMAX: 22.04.2022 | V.O.S.E. | +12

Quen é realmente Karim D., o recién descuberto escritor adorado polos medios? Ou ou seu alias Arthur Rambo, autor de mensaxes cheos de odio que alguén descobre nas redes sociais?

«Por fin unha película que se atrave a retratar twitter»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



Entrevista con Laurent Cantet: «É posible que as palabras non teñan o mesmo peso nun libro que nunha pantalla de móbil»

Ao igual que n'*O emprego do tempo* (2001) inspírate nun caso moi mediatizado e lévalo á ficción. O caso Mehdi Meklat convértese en Arthur Rambo. Por que?

Ante todo non quería facer un biopic. Debía encontrar a mesma distancia que conseguira coa vida de Jean-Claude Romand cando escribín *O emprego do tempo*. Así naceu Karim, e nunca saberemos por que escribiu eses chíos, probablemente el tampouco o saiba. Recoñezo que hai parecidos obvios entre el e Mehdi, pero non quería limitarme á historia verdadeira do primeiro. Todo o filme inspírase nos dous días nos que estoupa o caso. Nunhas poucas horas o estatus de Karim esfarela: coñecémolo co apoxeo da gloria e nunha noite acaba sendo un paria do que todos foxen. Semellante concentración temporal permite focalizar os mecanismos da historia, a súa exemplaridade e o que nos di desta época, da súa violencia, a súa velocidade.

A idea do pseudónimo, tamén título do filme, apareceu ao comezo do proxecto?

O pseudónimo non se fixo agardar. Interesábame o contraste entre dous sistemas de referencia moi xeracionais: a poesía de Arthur Rimbaud, que nos leva a unha idea da cultura clásica, e a brutalidade de Rambo, o heroe popular por antonomasia. A gran distancia entre ambos describe atinadamente a existente en Karim entre a súa ambición literaria e a súa rabia. Tamén quería que esta síntese tivera un toque de humor e que este humor seducise as lectores dos seus chíos e tamén os espectadores.

O filme, ao mostrar os grupos nos que se move Karim, obriga axiña o espectador a formularse interrogantes, mesmo a posicionarse. O filme está construído como un xuízo. Karim vese obrigado a responder constantemente a mesma pregunta: Por que escribiches iso? O primeiro tribunal está presidido pola directora da editora. O estoupido en redes é antinómico coa cultura desa muller: para ela o cénit da comunicación mediática é un programa literario de televisión. De súpeto, un rapaz dille: "Non pasa nada, teño 200.000 seguidores e ninguén se queixou". Hai unha fenda xeracional. Alguén que non sexa tuiteiro compulsivo verase axiña superado por esta clase de fenómenos. É posible que as palabras non teñan o mesmo peso nun libro que nunha pantalla de móbil.

Tamén fai pensar nunha road movie na que Karim se move dun medio social a outro. Neste caso a viaxe máis que xeográfica é interior. Case poderíamos atravesarnos a dicir que o seu traxecto é un vía crucis. É un traxecto cheo de caídas pero espero non ter convertido a Karim nun mártir. Foi unha das miñas preocupacións constantes, desde o guión á montaxe. Aínda que en ocasións o filme contempla o personaxe con amabilidade, non debía tentar protexelo ocultando todo o que ten de inaceptable. Había que moverse constantemente entre o rexeitamento e a empatía. Que un rapaz co que podes empatizar escriba semellantes barbaridades fainos formular moitas preguntas. Karim non para de se mover e o filme restitúe unha xeografía parisina precisa, coa fronteira que representa o periférico e define unha xeografía social coñecida por todos que compiten sen mesturarse. Karim é o tránsito, o que cruzou o periférico, o que vai dun mundo a outro e remata pagándoo moi caro. Con Pierre Millon, o director de fotografía, tentamos que esta xeografía fose moi clara mediante un contraste entre os dous mundos de Karim. Cando arranca o filme estamos en París, todo vai ben, a imaxe brilla, case fire, acorde co mundo que está a descubrir. De volta aos extrarradios a realidade cobra importancia e a imaxe é máis sobria.